

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**Modelo MD75PRO01**

**Programación 2016-2017**

**ITINERARIO DE MUSICOLOXIA**

**6º curso de Grao Profesional**

## Índice

---

<b>1. Introducción</b>	<b>3</b>
<b>2. Obxectivos xerais das ensinanzas</b>	<b>3</b>
<b>3. Obxectivos específicos</b>	<b>3</b>
3.1 Grao elemental	3
3.2 Grao profesional	3
<b>4. Secuenciación do curso</b>	<b>4</b>
Curso:	4
4.1 Obxectivos	4
4.2 Contidos	4
4.3 Avaliación	4
4.3.1 Criterios de avaliación	4
4.3.2 Mínimos esixibles	4
4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	4
4.3.4 Criterios de cualificación	4
4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	4
4.4 Medidas de recuperación	4
4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios	5
4.4.2 Probas extraordinarias de setembro	5
4.5 Recursos didácticos	5
<b>5. Metodoloxía</b>	<b>6</b>
<b>6. Atención á diversidade</b>	<b>6</b>
<b>7. Temas transversais</b>	<b>6</b>
7.1 Educación en valores	6
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	6
<b>8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b>	<b>6</b>
<b>9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</b>	<b>6</b>
<b>10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</b>	<b>6</b>
ANEXOS	7

## 1. Introducción

---

A materia “musicoloxía” está concibida como unha introducción á investigación musicolóxica no que se realiza un "exame dos métodos e técnicas de aproximación ó feito musical". Do carácter introductorio da asignatura despréndese que o obxectivo último non sexa que o estudante realice a súa propia investigación, senón que aprenda os principios e técnicas que sustentan a investigación musicolóxica na actualidade e que coñeza os principais problemas teóricos e historiográficos da disciplina.

A materia persegue dotar ó estudante cos coñecementos e habilidades necesarios que lle permitan desenvolverse nos entresixos da disciplina, capacitándolle para tarefas variadas: saber busca-las fontes que precise, interpreta-lo soporte da fonte musical, enfrontarse á realización dun traballo de musicoloxía, ler criticamente un texto, recoñece-los métodos historiográficos máis importantes ou ter conciencia dos debates e problemas máis recentes da disciplina. Esta materia consiste en formar a estudantes capaces de ser autónomos, de pensar por si mesmos e plantearse cuestións sobre o que investigaron outros (e nun futuro sobre o que quizais investiguen eles mesmos). Por exemplo, ante unha lectura de musicoloxía relacionada con calquera asignatura, aprenderá a plantearse preguntas como: ¿a redacción é clara? ¿é lóxico o orde no que están expostas as ideas? ¿a conclusión ten relevancia? ¿o sistema de citas é coherente?, ¿o manexo das fontes é apropiado?, ¿presenta os seus argumentos de forma convincente?.

Por tanto, unha parte dos contidos céntranse no aprendizaxe do conxunto de técnicas relacionadas coa investigación (xeral e particular en musicoloxía), dende os primeiros pasos ata a versión definitiva dun traballo. Así, hai temas centrados no tratamento das fontes, dende a súa búsqueda e localización en bibliotecas e arquivos, ata a súa correcta utilización para a investigación; se presta unha especial atención ás fontes musicais e a información que proporcionan a través do soporte. Tamén se tratan aquí cuestións relacionadas coa planificación e elaboración dun traballo (no nivel

correspondente para uns estudantes non universitarios). Entre tódalas técnicas, concédese unha certa importancia á corrección no sistema de citas. Este aspecto non é en absoluto unha cuestión meramente formal ou estética (aínda que tamén o sexa en certo sentido), senón que se trata, en primeiro lugar, dunha cuestión de honestidade intelectual e, en segundo lugar, un requisito indispensable de rigor científico. Levado ó extremo, unha cita longa non especificada (ou, no seu caso, abundantes citas breves non sinaladas ou parafraseadas sen advertilo) poden constituír un delito de plaxio. Dende unha perspectiva non xa legal, senón de prestixio intelectual, a impresión que recibimos dun texto que non cita correctamente restará credibilidade ás conclusións.

Por outra parte, esta materia tamén presenta un percorrido diacrónico sobre os métodos de estudio usados en musicoloxía durante distintas etapas historiográficas. Iníciase cos primeiros intentos dos enciclopedistas ilustrados do século XVIII de escribir unha historia da música, para pasar ó xurdimento da musicoloxía como ciencia a finais do século XIX e a determinante clasificación proposta por G. Adler, e finalizar no complexo século XX que, ademais da consolidación definitiva da disciplina (un aspecto consustancial á súa definitiva integración na universidade) pechouse cunha convulsa discusión en torno ó postmodernismo. As últimas tres décadas son seguramente as que máis debate xeraron en torno ós principios que sustentan a musicoloxía, un signo de fortaleza da disciplina. Estes debates ocuparán tamén un lugar nos temas finais desta asignatura.

## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas

---

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

—

### **3. Obxectivos específicos**

---

#### **3.1 Grao profesional**

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## 4. Secuenciación do curso

---

### 4.1 Obxectivos

- Aprender os principios básicos de toda investigación: orixinalidade, coherencia, claridade e honestidade.
- Aprender os procedementos para realizar un traballo de investigación: como busca-lo tema, como busca-la información, como localiza-la bibliografía e as fontes, como almacenar e clasifica-la información, como estruturar e redacta-lo traballo, etc. así como para ler criticamente textos e estudos sobre historia e ciencias da música.
- Coñecer o plantexamento da historiografía musical dende a Ilustración do século XVIII ata o postmodernismo do século XX pasando polo nacemento da musicoloxía no século XIX.
- Coñece-los campos e problemas da investigación musicolóxica internacional a comezos do século XXI.

### 4.2 Contidos

#### *Primeira Avaliación*

Tema 1. Investigar e escribir sobre música

1.1. As fontes e a investigación (I): tipos e usos.

1.2. As fontes e a investigación (II): onde e como buscar.

1.3. Premisas para a investigación: facer preguntas e atopar respostas.

1.4. A redacción: planificar, redactar e revisar.

#### *Segunda Avaliación*

Tema 2. A musicoloxía e a súa historiografía

2.1 . Introducción á musicoloxía.

2.2 . Historiografía musical no século XVIII: Martini, Burney, Hawkins e Forkel.

2.3 . Historiografía musical no século XIX. O xurdimento da Musicoloxía como ciencia a finais do século XIX: Fétis, Ambros e Adler.

### **Terceira Avaliación**

Tema 2. A musicoloxía e a súa historiografía

2.4 A historiografía musical no século XX (I): 1900-1980.

2.5 A historiografía musical no século XX (II): o postmodernismo e a new musicology.

2.6 Problemas e conceptos actuais.

2.7 Campos actuais da investigación musical.

—

## **4.3 Avaliación**

Realizarase unha avaliación continuada sen examen. A avaliación reflexará a asistencia as clases, os comentarios realizados polos alumnos así como a presentación de traballos, e a súa exposición perante os seus compañeiros, que desenvolvan os contidos traballados ao longo do curs. Para a avaliación terase en conta os seguintes porcentaxes:

participación activa no desenvolvemento diario das clases: 40%

Elaboración de Traballos: 50%

Exposicións: 20%

—

### **4.3.1 Criterios de avaliación**

1. Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades teóricas de cada concepto tratado, explicando o proceso que leva ao xurdimento de cada un e referíndose a eles de forma correcta.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir os conceptos que informan a base teórica da música tradicional, así como para distinguir os procesos que desenvolven cada postulado teórico.

2. Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais de cada período da historia da música establecendo a súa relación coa sociedade no espazo cronolóxico pertinente.



Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado de establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía ou a etnografía

3. Recoñecer a través da análise, auditiva ou visual, as características básicas das diversas fontes que conforman o patrimonio da Historia da Música

Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar as características propias das diversas fontes tratadas, os distintos estilos, contextos e as súas peculiaridades desde un pensamento crítico, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

#### 4.3.2 Mínimos esixibles

Considerarase como mínimos esixibles para a materia

- A presentación dos traballos e a súa defensa perante os seus compañeiros.
- Coñecer as principais correntes da Historiografía musical europea.
- Redactar correctamente un artigo de investigación empregando as fontes axeitadas e anotando correctamente a súa bibliografía.
- Ser capaz de catalogar axeitadamente un libro, unha partitura, un artigo dunha revista musical ou un artigo dunha páxina web.

#### 4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

---

#### 4.3.4 Criterios de cualificación

A avaliación reflexará a asistencia as clases, os comentarios realizados polos alumnos así como a presentación de traballos, e a súa exposición perante os seus compañeiros, que desenvolvan os contidos traballados ao longo do curs. Para a avaliación terase en conta os seguintes porcentaxes:

participación activa no desenvolvemento diario das clases: 40%

- Elaboración de Traballos: 40%
- Exposicións: 20%

#### 4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non se contempla.

#### 4.4 Medidas de recuperación

Contemplase a recuperación tanto no desenvolvemento do curso como no mes de setembro se non se tivo superada a materia no mes de xuño.

##### 4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Se o alumno non asiste as clases e non presenta os traballos perderá a avaliación continua e polo tanto terá que facer un examen para acreditar o dominio da materia. Este exame terá, ó menos, dúas partes. A primeira constará dun grupo de preguntas de resposta múltiple ou de resposta breve (definicións de conceptos; enumerar autores; sintetizar a principal aportación dun musicólogo, un periodo, etc). A segunda estará formada por unha pregunta ampla a desenvolver cun máximo de dúas caras onde haberá que relacionar contidos de distintos apartados do temario.

Ademáis deste exame o profesor poderá pedir a **elaboracion de traballos**, relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes da realización do exame.

##### 4.4.2 Probas extraordinarias de setembro

En setembro o alumno terá que demostrar os seus coñecementos da materia mediante unha proba global. Esta proba constará de, ó menos, dúas partes. A primeira constará dun grupo de preguntas de resposta múltiple ou de resposta breve (definicións de conceptos; enumerar autores; sintetizar a principal aportación dun musicólogo, un periodo, etc). A segunda estará formada por unha pregunta ampla a desenvolver cun máximo de dúas caras onde haberá que relacionar contidos de distintos apartados do temario.

Ademáis desta proba o profesor poderá pedir a **elaboracion de traballos**, relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes da realización da proba.

## 4.5 Recursos didácticos

- Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman uns dos materiais imprescindibles da musicoloxía.
- Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais – coa excepción, quizá, das compostas nos últimos anos– existiron no seu primeiro momento como manuscritos.
- Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só internet logrou superar en tempos recentes.
- Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
- Fontes sonoras.
- Acceso a Internet.
- Explicacións diarias na aula
- Debates e comentarios críticos na aula.

### **Bibliografía**

Booth, W. C.; Colomb, G. G. y Williams, J. M.: *Cómo convertirse en un hábil investigador* (Barcelona: Gedisa, 2001).

Carreras, J. J.: *La Historiografía Artísticas: La Música, Teoría/Crítica*, vol. 1 (1994), pp. 277-306.

Cook, N.: *De Madonna al canto gregoriano. Una muy breve introducción a la música* (Madrid: Alianza, 2001; tr. de Luis Gago).

Eco, U.: *Cómo se hace una tesis : técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura* (Barcelona: Gedisa, 1999)

Kerman, J.: *Contemplating musicology* (Cambridge, Mss.: Harvard University Press, 1985).

Ramos, P.: *Feminismo y música. Introducción crítica* (Madrid: Narcea, 2003).  
Carmen Rodríguez Suso: *Prontuario de Musicología. Música, sonido, sociedad* (Barcelona: Clivis, 2003).

## 5. Metodoloxía

---

Esta materia contempla unha carga lectiva de unha 1 semanal, no sexto curso de grao profesional. Ao ser unha materia de claro carácter práctico as sesións lectivas comprenden o traballo en grupo do alumnado matriculado (5 alumnos). A clase-grupo elaborará un traballo de investigación ao longo do curso a través do cal se asimilen os contidos secuenciados da programación. O profesor actuará de motor no desenvolvemento do traballo de investigación, asumindo un papel dinamizador e motivador sendo quen deseñe as estratexias necesarias para o correcto desenvolvemento da planificación de aula.

A posta en común dos materiais empregados na elaboración do traballo implica un intercambio de opinións, o respecto ás opinións dos compañeiros, a corrección e utilización do vocabulario axeitado, a claridade nas exposicións... No mes de maio o alumnado expoñerá o seu traballo na biblioteca do centro, en formato de conferencia aberta á comunidade educativa.

## 6. Atención á diversidade

---

Non se contempla medida algunha deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

## 7. Temas transversais

---

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

### 7.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible

que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio. A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. E o é porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a traslación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade. A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado. Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber de non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. A Historia da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

## **7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

As tíc's estarán presentes coa participación do alumnado nas actividades promovidas na Aula Virtual do Conservatorio así como a utilización de Internet para a recollida de datos co fin de elaborar os traballos do curso.

## **8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Neste curso se contempla a visita ao Arquivo Histórico da USC así como ao Arquivo Musical da Catedral de Santiago.

## **9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

---

Utilizarase o protocolo, xa empregado no pasado curso, que se presenta como ANEXO I a esta programación.

## **10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Utilizarase o protocolo que será debatido e aprobado en reunión de Departamento antes da realización das probas da primeira avaliación.

\_\_\_\_\_

## ANEXOS

- Probas de acceso a outros cursos.
  - Non se contempla para esta materia.
- Criterios para a obtención dos premios fin de grao.  
Non se contempla nesta materia.